

EXPERIMENTA

CUN OVO

MATERIAIS

- Unha cunca
- Un ovo de galiña
- Vinagre.

Mete un ovo fresco de galiña nunha cunca e cóbreo con vinagre.

Espera 48 horas e **comproba que:**

1. a casca do ovo xa non está.
2. o tamaño do ovo aumentou.
3. formouse ó redor do ovo unha capa gomosa (rebota no chan).

As razóns deses cambios son:

Desaparece a casca ao formarse burbullas de CO_2 pola reacción do ácido acético do vinagre co carbonato cálcico da casca do ovo.

Aumenta o tamaño do ovo pola osmose (a auga do vinagre entra no ovo a través da membrana semipermeable que o cobre).



CO AIRE

Pensas que o aire non conta, pois proba a facer o seguinte experimento:

MATERIAIS


- Un vaso (cheo de aire)
- Un pano de papel
- Un cacharro máis grande que o vaso.
- Auga

- 1- Enche o cacharro con auga (maior altura que o vaso)
- 2- No fondo do vaso mete o pano ben atestado para que non caia o voltar o vaso.
- 3- Dálle a volta ao vaso e mergúllao na auga ben dereito.
- 4- Conserva a posición uns segundos ou minutos e sácao sen perder a vertical.

Comprobarás que:

-No vaso non entrou a auga, xa que estaba cheo de aire e a auga (co vaso **nesa posición**) non é quen de desprazalo fóra.

-O pano permanece seco dado que o aire non pode escapar cara abaixo por ser máis lixeiro.




M^a de los Angeles Alvarino

Unha galega Precursora Na Investigación Oceanográfica Mundial

Ángeles Alvariño González naceu en Serantes(Ferrol) o 3 de outubro de 1916.Desde pequena se caracterizou por ter unha grande inquietude intelectual e demostrou unha habilidade especial e gusto pola lectura. Esta inquietude lévaa a estudar nas universidades españolas e tamén nas estranxeiras.

Traballa como investigadora biolóxica mariño-oceanógrafa no Instituto Español De Oceanografía de Vigo, logo pasou a investigar no Instituto Oceanográfico Woods Hole en Massachusetts e máis tarde no Instituto Scripps de Oceanografía, en La Jolla, California así como no Servizo Nacional de Pesca Marítima dos EEUU.



CHAETOGNATA



SIFONÓFOROS

No curso das súas investigacións, Ángeles Alvariño descubriu 22 especies novas de organismos mariños, e unha nova especie de medusa.



PANDEA CYBELES

Foi a primeira muller a bordo dun barco británico de investigación en calidade de científica, percorrendo numerosos países e o continente Antártico.

Foi distinguida coa Medalla de Prata de Galicia no ano 1993 polo seu traballo sobre a expedición de Malaspina.

Morre en California no ano 2005 deixando como legado un manuscrito sobre as aves e animais mariños achados na expedición de Malaspina.

O 24 de febreiro deste ano a súa filla foi madriña na botadura dun novo buque oceanográfico que leva o seu nome.

